

## Xohán Casal a través das súas lecturas: a formación literaria dun escritor galego na posguerra<sup>1</sup>

M<sup>a</sup> Teresa Bermúdez Montes<sup>2</sup>

Recibido: 9 de setembro de 2021 / Aceptado: 15 de febreiro de 2022

**Resumo.** Xohán Casal (1935-1960) desenvolveu o seu labor como escritor galego no período da ditadura franquista. Durante a década dos 50, en plena mocidade, o autor tivo que esforzarse por acadar unha boa formación lectora, malia os atrancos da censura e a penuria editorial. Grazas á consulta dos documentos persoais de Casal depositados en 2010 na Real Academia Galega (Fondo Xohán Casal), achéganse datos e testemuños das obras que integraron o seu acervo de lecturas. As obras clásicas de Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Castelao e Luís Seoane revélanse como lecturas de referencia fundamentais para Casal no ámbito galego, mentres que as pezas de B. Brecht e S. O'Casey destacan entre as súas preferencias no plano internacional. O estudo dos escritos de Casal proporciona referencias útiles para situar este autor tanto en relación co sistema literario galego (na súa tradición e na súa contemporaneidade) como en relación con outros sistemas literarios.

**Palabras chave:** Xohán Casal; narrativa galega; literatura galega século XX.

### [es] Xohán Casal a través de sus lecturas: la formación literaria de un escritor en la posguerra

**Resumen.** Xohán Casal (1935-1960) desarrolló su labor como escritor gallego en el período de la dictadura franquista. Durante la década de los 50 el joven autor se esforzó en obtener una buena formación lectora, pese a los obstáculos de la censura y a la penuria editorial. Merced a la consulta de los documentos personales de Casal depositados en 2010 en la Real Academia Galega (Fondo Xohán Casal), se aportan datos y testimonios sobre las obras que integraron su acervo de lecturas. Las obras clásicas de Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Castelao e Luís Seoane fueron lecturas de referencia fundamentales para Casal en el ámbito gallego, mientras que las piezas de Dickens, Brecht y O'Casey destacan entre sus preferencias en el plano internacional. El estudio de los escritos de Casal proporciona referencias útiles para situar a este autor tanto en relación con el sistema literario gallego como en relación con otros sistemas.

**Palabras clave:** Xohán Casal; narrativa gallega; literatura gallega siglo XX.

### [en] Xohán Casal through his Readings: the Literary Training of a Writer in the Postwar Period

**Abstract.** This paper presents an approach to the figure of the Galician writer Xohán Casal (1935-1960), using Casal's personal writings to provide new keys for the analysis of his literary figure and narrative texts. During the 1950s, the young author made an effort to obtain a good reading training, despite the obstacles of censorship and the publishing shortage. The study of these unpublished materials –preserved as Fondo Xohán Casal in the Real Academia Galega– provides data and testimonies on the works that made up his collection of readings and also reveals Casal's literary interests and relationships. The classic works by Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Castelao and Luís Seoane were fundamental reference readings for Casal in the Galician field, while the pieces by Dickens, Brecht and O'Casey stand out among his preferences at the international level. The study of Casal's writings provides useful references to locate this author both in relation to the Galician literary system and in relation to other systems.

**Keywords:** Xohán Casal; Galician Narrative, 20th Century.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. Xohán Casal e a tradición literaria. Lecturas e referentes. 2.1. A literatura internacional na biblioteca de Casal. 2.1.1. Teatro. 2.1.2. Narrativa. 2.1.3. Ensaio. 2.1.4. Poesía. 2.2. A tradición galega a través da

<sup>1</sup> Universidade de Vigo, Grupo BiFeGa.  
Correo-e: bermudezteresa@uvigo.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-5481-8834>.

lectura de Xohán Casal. 2.2.1. Olladas sobre o Rexurdimento. 2.2.2. Olladas sobre a Xeración Nós e a literatura de posguerra: Castelao, Seoane e Otero Pedrayo vs. Risco e Cunqueiro. 3. Conclusión 4. Referencias bibliográficas. 5. Anexos. 5.1. Borrador de carta a Reimundo Patiño. 5.2. Borrador mecanoscrito de carta a Follas Novas (15-11-1958). 5.3. Borrador mecanoscrito de carta a Follas Novas (14-2-1959).

**Como citar:** Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> T. (2022): “Xohán Casal a través das súas lecturas: a formación literaria dun escritor galego na posguerra”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 35-50, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90523>.

## 1. Introducción

O escritor coruñés Xohán Casal (1935-1960) foi autor da colección de contos *O camiño de abaixo*, publicada postumamente polas Edicións do Castro en 1970, grazas aos esforzos de Reimundo Patiño. Este, xunto con Isaac Díaz Pardo, foi o responsable da escolma de trece contos entre os textos realizados por Casal e da súa edición. Máis adiante, publicaríase unha 2ª edición con tres relatos máis, en 1985 e no mesmo selo editorial.

Aqueixado desde a súa infancia dunha doenza cardíaca que ameazaba a súa vida e que lle limitaba as actividades, Casal foi plenamente consciente de constante ameaza dunha morte prematura. Malia iso ou, precisamente, grazas a iso, Casal decidiu vivir con intensidade e aproveitar o seu tempo de vida para plasmar as súas inquietudes intelectuais, políticas e, sobre todo, literarias, como proban a traxectoria e os seus escritos, tanto literarios como de carácter privado.

Non é novidade que o período histórico da ditadura franquista (1939-1975) se caracterizou pola censura e a represión –por parte do Estado e das institucións vinculadas– de calquera ideoloxía, posición ou actividade que non encaixase co ideario oficial do réxime fascista na súa versión española, o nacional-catolicismo. Por suposto, a reivindicación política de Galicia e a expresión literaria na lingua propia víronse gravemente afectadas a partir da guerra civil coa que se iniciou a ditadura

franquista, tras os avances políticos e culturais da etapa anterior, marcada polo ilusionante labor da xeración Nós e do Partido Galeguista. Esa escura “noite de pedra”, nunha España que impuña como ideal a submisión e pasividade da cidadanía<sup>3</sup>, foi o marco no que transcorreu a vida e a actividade literaria de Xohán Casal.

Existen xa diversos traballos que exploraron a figura do autor e que proporcionan análises da súa obra literaria e da súa biografía (Bermúdez 2005, 2011), polo que non profundaremos nesas cuestións. Neste traballo centraremos en esclarecer o particular proceso formativo do autor. Transitaremos así polo camiño de lecturas dun escritor en formación que aspira a construírse como axente dun campo cultural emerxente como o galego, consciente da situación de subalternidade. Por outra banda, as súas reflexións e valoracións a propósito deste percorrido lector permitirannos posicionalo no mapa de relacións con autores galegos, tanto clásicos como contemporáneos.

Para isto, baseámonos nos documentos orixinais de Casal dispoñibles na RAG, grazas á doazón realizada en 2010 pola familia de Reimundo Patiño. Xunto con diversos textos narrativos, poéticos e ensaísticos, o Fondo Xohán Casal consta dun importante número de escritos persoais, entre os que destacan os relativos á correspondencia privada do mozo coruñés, tanto borradores como –en menor medida– cartas recibidas. Algúns destes textos foron xa publicados nas últimas décadas<sup>4</sup>, mais a maioría permanecen inéditos. A análise destes escritos ata o de agora inéditos revelarase como fundamental para trazar o perfil do autor con respecto á tradición galega e occidental, mais tamén para situalo nas coordenadas do sistema literario galego.

Nos apartados que seguen ocuparémonos en primeiro lugar da formación intelectual de Casal, completaremos os datos existentes sobre as fontes nacionais e internacionais que conformarán a personalidade literaria do autor e conectaremos estas lecturas con algunhas das ideas clave da súa proposta estética.

<sup>3</sup> Salvador Cayuela propón o concepto do “homo patiens”, como figura representativa do perfil de cidadán (submisión e pasivo) procurado polo franquismo; véxase Cayuela 2009 e 2014.

<sup>4</sup> Nos prólogos que acompañaron á 1ª e 2ª edición de *O camiño de abaixo*, Reimundo Patiño reproducíu diversos extractos da correspondencia entre ambos e dos escritos persoais agora conservados na RAG; véxase Patiño 1970 e 1985. Tamén Xosé Luís Franco Grande incluíu fragmentos de cartas a el dirixidas por Casal; véxase Franco Grande 1985. Finalmente, Teresa Bermúdez recolleu textos e cartas en senllas publicacións; véxanse Bermúdez 2005 e 2011.

Os estudos de Antón Figueroa (2010), Arturo Casas (2011) e Mario Regueira (2020) aplicados ao campo literario galego e, especialmente, á narrativa galega, proporcionan o marco xeral deste traballo.

## 2. Xohán Casal e a tradición literaria. Lecturas e referentes

*Ler é un diálogo* (Alberto Manguel. *Diario de lecturas*)

No roncel de Roland Barthes (1974), entendemos que o texto literario non está acabado en sí mesmo ata que o lector/a o converte nun obxecto de significado a través do acto da lectura; este significado será necesariamente plural, nun camiño de reinterpretación do mundo a través dos textos. Percorrendo o panel de lecturas de Casal observamos a súa procura particular de referentes, caracterizada por unha clara conciencia nacional, social e histórica no que se refire a Galicia e ás clases populares. Desde este posicionamento como lector galego ábrese a unha ampla exploración da literatura galega e do ámbito internacional, grazas á que irá madurecendo as súas posicións estéticas e ideolóxicas. Os comentarios e críticas realizadas nos diarios, notas e correspondencia permítenos aproximarnos ao universo de lecturas de Casal, ás súas preferencias e valoracións.

Casal criouse no seo dunha familia culta e dispuxo desde a infancia dunha espléndida biblioteca. A paixón polos libros e as artes prendeu con forza nel<sup>5</sup>, quen axiña comezaría a combinar a lectura ávida e entusiasta coa práctica da escrita, primeiro en español e logo en galego. Casal foi actualizando segundo os seus intereses esta biblioteca familiar, ben nutrida de clásicos internacionais e galegos ata construír a súa particular colección de obras contemporáneas<sup>6</sup>.

Unha vez que, grazas á descuberta de Castelao, Casal decidiu desenvolverse como escritor en galego, comprometeuse de xeito patente coa lingua escollida para o seu proxecto literario e vital. Consciente das súas eivas, ese compromiso plasmouse no esforzo por mellorar o seu nivel lingüístico e por obter todo o coñecemento sobre o presente e a historia da literatura galega que lle foi posible. Para isto, faise subscritor de Galaxia, como testemuña Patiño (1970: 15). Para alén de Galaxia como fonte provedora das novidades en galego, o autor en formación procurou tamén acceder a publicacións de etapas anteriores, así como a obras clásicas e contemporáneas da literatura española e universal. Mais este labor requiriría de esforzo e vontade.

Cómpre ter en conta que a censura da España franquista impedía a libre publicación e tradución de numerosas obras, o que supuña un atranco á difusión de novidades. En calquera caso, os títulos procedentes de Arxentina engadíanse, de xeito máis ou menos clandestino, á oferta local de libros dispoñibles, o que permitía acceder a orixinais e traducións ao español.

A censura e a penuria editorial dificultaban, xa que logo, o libre acceso a boa parte das obras clave da época. Neste contexto, a conformación de redes de intercambio entre pares con afinidades intelectuais e ideolóxicas permitiu aliviar a ansia de lecturas de Casal e mais o seu círculo de amizades, conformado por Reimundo Patiño, Alfonso Gallego, Xosé Parga, Eduardo Martínez, Enrique Iglesias e Carlos E. Pérez Portas (*Ibid.*: 17-18). Grazas ao fluxo de libros compartidos, os textos circulaban de man en man e facilitábase a difusión de volumes por veces pouco accesibles, ben polo seu prezo, ben por culpa da censura. Dos atrancos para acadar todos os títulos de

<sup>5</sup> Os documentos privados –entre os que se atopan debuxos– e a correspondencia de Casal testemuñan dunha clara inclinación artística e dun fondo interese pola pintura, especialmente, e en xeral polas artes plásticas. El mesmo debuxaba e pintaba, como afeccionado, e acudía regularmente ao estudio de Raimundo García Patiño, na Coruña. Casal informábase sobre artes como a pintura, escultura e mesmo cerámica a través de libros e revistas, a partir das que escribía reflexións e anotacións. Ademais do seu aprecio pola obra pictórica de artistas próximos a el –como Maside ou o seu amigo Reimundo Patiño–, destaca o coñecemento da obra do expresionista alemán Ernst Barlach (1870-1938), escultor e debuxante cuxa obra expresou unha profunda espiritualidade a partir de 1918 (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 1-12-1955). A arte relixiosa cristiá, e especialmente os descendementos da cruz, son obxecto de atracción para Casal. Nesta liña, a súa inclinación cara ás artes populares é intensa e constante e vincúlase á procura da espiritualidade ou enerxía do pobo que manifestarían: as referencias ás figuras de santo André de Teixido, no ámbito galego, e a curiosidade polas artes do continente africano reflicten esa procura dunha vinculación *pobo-arte-Deus*.

<sup>6</sup> “Xohán Casal,ponse pois, a escribir en galego, poideramos decir que con cáseque total descoñecemento da laboura feita denantes da guerra no país e logo na América” (Patiño 1970: 15).

interese para Casal, como lector ávido e escritor en formación, dá mostra este fragmento da súa correspondencia con Patiño:

Mándame esos libros e máis que podas. Tamén eu ando mal de cartos e non podo mercar polo momento. Tiven que deixar un que me quitou o sono. Por máis que fixen non erguín dous pesos e custaba 12. Todos estaban pasmados. Era o libro de X.V.Viqueira. Metade en castelán metade en galego. Chorei e todo. Hai que esquecer. Outra vez será. (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 1-12-1955)

## 2.1. A literatura internacional na biblioteca de Casal

As preferencias de Casal como lector estaban ben definidas: temas sociais e de gran fondo ético-político, relixión e espiritualidade, vehiculados tanto en textos dramáticos (polos que mostra predilección), como narrativos e poéticos. Así, salientan como referentes internacionais Søren Kierkegaard na filosofía, Oswald Spengler na historia, Bertolt Brecht na dramaturxia e Charles Dickens na narrativa, por exemplo.

Vistas as súas lecturas en conxunto, faise evidente un amplo coñecemento da literatura occidental<sup>7</sup>, que logo analizará con espírito crítico. A consecuencia desa súa independencia intelectual, refugará calquera seguidismo mimético de correntes estranxeiras no ámbito galego, como veremos máis abaixo.

### 2.1.1. Teatro

O xénero dramático agrupa unha importante porcentaxe das lecturas que Casal efectuou e, por conseguinte, comentou nos seus escritos con maior intensidade. Entre os autores sobre os que Casal reflexionou encontramos autores contemporáneos como o irlandés Sean O’Casey (*Juno y el pavo real*<sup>8</sup>) e o italiano Ugo Betti (*El jugador*<sup>9</sup>) e, de xeito moi especial, Bertolt Brecht, como veremos a seguir. Por outra banda, Casal abordou tamén lecturas clásicas como a obra de William Shakespeare ou o *Doctor Faustus* (*Fausto*, na tradución en

español) (1596), de Christopher Marlowe. A interrogación sobre as nocións de ben e mal, a reflexión sobre a idea de xustiza e poder, o influxo da relixión e a preocupación pola morte son elementos que caracterizan as pezas da súa preferencia, como se percibe tanto no *Fausto* como en *Juno y el pavo real*. Sobre o impacto que lle provocou a obra de O’Casey, Casal escribiu no seu diario:

[M]erquei unha obra de O’Casey: “Xuno e o pavo real” que púxome os miolos a ferver. Alí topei canto andivera buscando, de tal xeito que aproveitei a leición dendo limiar ao cabo. É unha obra feita con algo máxico. Veleiqué o que n’ela ollei.

A obra é fundamente real. É realista. O limiar, ripado da “Literatura Soviética” subliña moito iste seu aspecto. O carater social é moi fondo e moi craro. Pro o autore non perde o equilibrio. Se non que o seu realismo –político, social...– vén tinxido por un ár de poesía que nos enleva. Pouco a pouco a pantesía do autor, o seu humor celta, a súa forza poética vainos introducindo, non en un mundo afastado da realidade, desvenellado da vida, se non n’un mundo auténtico e real. Nise mundo que temos diante dos narices, e que non ollamos. Mundo crú, áspro, doorido, pro enchido de Senso Poetico.

O’Casey vainos bambeando da Realidade na toña das cousas, á realidade poetica do seu corazón arfante, asín todo se fai moi fermoso.

Ista é unha boa leición, xa que O’Casey non acochou ningunha verdade baixo da súa pantesía ou do seu humor, ou da súa poesía, se non que se valeu d’istos para amosarnos a verdade totalmente ispida, de tal xeito que ás veces nos fire.

Istas ideas xa eu as tiña nos miolos. Pro non atopaba xeito de ceibalas. Logo emprestáronme outra obra de teatro: “Galileo Galilei” de Bertolt Brecht... (“Diario”, 8-10-1957)

Así, no seu camiño de exploración literaria Casal chegou finalmente a Bertolt Brecht, cuxas obras eran accesibles na España franquista grazas fundamentalmente ás traducións editadas na Arxentina. A lectura de Brecht suscitou

<sup>7</sup> Paradoxalmente, os feitos testemuñan que era pouco amigo de incluír citas ou epígrafes na súa produción literaria: apenas atopamos un extracto de T.S. Eliot no relato “O Rei” (Casal 2005: 171) e mais un verso de *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro como título dunha reflexión: “Allá en tiempos que fueron” (RAG, [s.d.]).

<sup>8</sup> Esta peza, publicada orixinalmente en inglés en 1924, foi publicada en tradución ao español en Bos Aires, en 1954. Casal refírese a esta obra tanto no seu “Diario” como nun “Borrador de carta a Franco Grande” (2-10-1957).

<sup>9</sup> *Il Giogatore*, publicada en 1951, foi traducida ao español e publicada en 1956 en español pola Editorial Losange, de Bos Aires.

nel unha intensa e rica reflexión sobre as ideas de poder, ética, traición e clase social. Casal deixou referencias explícitas a *Galileo Galilei*, *Santa Juana de los Mataderos*, *Coriolano* e á *Ópera dos dous patacós* (*Ópera de los tres peniques*)<sup>10</sup>. Manifestou especial interese por *Galileo Galilei*<sup>11</sup>, peza que aborda o conflito que enfronta o poder da igrexa católica co coñecemento científico, nunha exploración das fronteiras entre fe e razón. Sobre a lectura desta peza confesou Casal o seguinte: “Galileo Galilei abriume os ollos grandesmentes. Fíxome ver craro moitas cousas” (“Diario”, 8-10-1957).

A experiencia con *Galileo Galilei* animou a Casal a procurarse outra peza do autor, *Santa Juana de los Mataderos* (1929-31), obra que participa do expresionismo e do marxismo, e que vincula o plano social e político co relixioso, mediante a reinterpretación da figura da heroína como nova santa Xoana contemporánea<sup>12</sup>. A propósito da lectura deste obra, afirmou Casal: “Eiquí ficaron ratificadas total-as miñas ideas” (“Diario”, 8-10-1957).

Respecto da dramaturxia de Brecht no seu conxunto, Casal destacou a ética e o realismo, para concluír:

Os seus problemas, as suas ideas son algo máis que aituales. Brecht afonde moito máis aló do seu tempo. Ten un forte senso da vida e da poesía. En Galileo ceiba unha frase capaz d’arrepíar a moitos poetas galegos do medioevo: “Mellor as mans manchadas que valeiras. Soa a realismo. Soa a min. Nova cencia, nova ética”. Nova vida, que diría eu, nova ética. (“Diario”, 8-10-1957)

A pegada de Brecht na formación literaria e intelectual de Casal foi aínda máis alá, ata o punto de proxectarse sobre a súa visión da literatura galega. Así, Casal confesou ter sido capaz de reencontrarse con Curros Enríquez, grazas ás reflexións sobre o realismo propiciadas polo dramaturgo alemán: “Todas istas

consideracións [sobre Brecht] leváronme a re-leer o libro de Ricardo Carballo Calero, *7 poetas*, leín o capíduo adicado a Curros” (“Allá en tiempos que fueron”, [s.d.]). Desa lectura<sup>13</sup> xurdiría unha redescuberta do poeta galego, que Casal pasou a ler desde un novo prisma, como veremos máis abaixo.

### 2.1.2. Narrativa

No apartado da narrativa internacional, encontramos mencións a autores fundamentalmente europeos (James Joyce, Charles Dickens, Hermann Hesse, Leónidas Andréiev, por exemplo) e norteamericanos (Ernest Hemingway).

En primeiro lugar, cómpre destacar a especial relevancia que Casal concedía a Charles Dickens (1812-1870), a quen destacou como modelo e referencia principal na construción narrativa nun breve texto, “A carón da Natureza. Notas encol da paisaxe na novela galega” (RAG, [s.d.]). Casal reflexionaba alí sobre técnica narrativa a propósito da novela *Vida e aventuras de Nicolás Nickleby* (Bermúdez 2011: 170).

Por outra banda, Casal fixo unha valoración netamente positiva respecto de Hemingway (1899-1961), resaltando o efecto “despreguizador” na súa experiencia de lectura. Tamén expresou un xuízo entusiasta sobre James Joyce (1882-1941), de quen mencionou dúas das obras principais (*O retrato do artista adolescente* e *Ulises*). Nos comentarios sobre estes dous autores, puxo en valor a pegada da lectura deses relatos, nun duplo plano: no plano psicolóxico, reconeceulle o efecto benefactor, mentres que no plano creativo destacou o carácter *activador* da súa escrita, provocado pola descuberta destes textos.

Os contos de Hemingway fixéronme moito ben, foi como si me “desperezara”. Logo tiveron un encontro afortunado. Topei “O retrato do artista adolescente” de J. Joyce. É unha obra impresionante e imprescindible para comprender ó

<sup>10</sup> Segundo afirmou nas páxinas do seu “Diario” (8-10-1957), esta obra foi a primeira que leu do autor e non lle chamou demasiado a atención, contrariamente ao efecto positivo que lle provocaron outras obras de Brecht.

<sup>11</sup> A tradución en español de *Galileo Galilei* foi publicada en 1956 pola Editorial Losange, en Bos Aires.

<sup>12</sup> A obra pon o foco na crise do capitalismo, na loita de clases, na denuncia dos mecanismos do capital, dando voz aos explotados: o proletariado precarizado. Malia non indicar Casal ano e editora da versión da peza á que tivo acceso, na Arxentina estaban a traducirse e publicarse as obras de Brecht naquela altura, obras que eran introducidas clandestinamente e que permitían que algúns lectores lograsen esquivar as prohibicións.

<sup>13</sup> O título completo do volume é *Sete poetas galegos* (Galaxia, 1955). Nel, Carballo Calero centrouse no estudo de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luís Amado Carballo e Manuel Antonio.

“Ulises”. Enlevoume, fixome medrar [...ideias] coma patacas. I escribín. (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 1-12-1955)

Casal confesou tamén o notable impacto que lle provocou a novela *O lobo estepario* (1927) de Hermann Hesse (1877-1962), unha das novelas máis emblemáticas do século XX. Como en tantas outras ocasións, a obra chegoulle grazas ao empréstito dun seu amigo, apelidado Paz:

Veu con nosco á miña casa i empresteille varios, como xusta correspondencia deixoume unha das mellores obras de H. Hess (*sic*) “Stepenwolf” que fai anos houbéranos toleado deica o suicidio. Abriume os ollos a moitos erros dos meus escritos e que ti mesmo señalas na tua carta –sobor todo “diario íntimo”– e foime de proveito. (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 1-12-1955)

Así mesmo, entre os autores que reseñou Casal destaca o escritor ruso Leónidas Andréiev (1871-1819), a cuxo conto “Lázaro” Casal dedica unhas liñas nas que se reflicte a forte impresión que lle causou:

Eu coido que a miña doenza me fai ollal-a vida cun cansanzo, c’unha lasedade que chega á morte. [D’in] que a enfermidade e a pouta que pon ao home sano en contaito coa morte, co Vougo, coa Nada. É quen ollal-a Nada leva xa para sempre o seu selo. Iso d’un... Precisamente onte leín un arrepiante conto de L[eónidas] Andreiev tiduado: “Lázaro” sobor iste tema. ¿Coñécelo? Pro eu sempre tiven unha tendencia –inda millor: unha capacidade– ao têbroso, ao sombrizo. Sempre fun un [obsesioado]... Gostame na paisaxe xeral da vida a coor mouro, cando pinto ou fago con coores mouras i escuras. (“Borrador de carta a Franco Grande”, 26-9-1957)

### 2.1.3. Ensaio

O interese pola historia e a filosofía está presente ao longo das anotacións de Casal, así como tamén a inclinación ás artes e ao seu estudo. No ámbito da filosofía, o seu autor de referencia foi Oswald Spengler (1880-1936), cuxo pensamento constituía un dos piares do

ideario de Casal<sup>14</sup>. O seguimento das teorías do filósofo alemán –en especial en relación ao sentimento de catástrofe, crise ou final– fora relativamente frecuente tamén durante as fases previas á posguerra española, e a súa retórica é moitas veces aludida posteriormente, fóra da estrita ortodoxia nacionalcatólica do réxime franquista. En calquera caso, segundo indica Regueira, as “referencias [a Spengler] son tamén comúns entre os membros de Galaxia” (2020: 231).

Casal botou man da obra máis relevante de Spengler (*La decadencia de occidente: bosquejo de una morfología de la historia universal*) para facerlle a seguinte recomendación a Franco Grande: “Pro se me non espriquei ben bota unha ollada ao capiduo «Pobos e Vilas» da *Decadanza d’occidente* de Spengler, xa sabes que a Spengler non se lle pode facer moito caso, pro ás vegadas di cousas moi asisadas” (“Borrador de carta a Franco Grande, 26-9-1957”).

Fronte á proposta de Spengler situárase a interpretación filosófica da historia que expón Heidegger (Regueira 2020: 232), fronte a quen Casal se manifestaba sarcástico. Como se manifesta no texto seguinte, Casal chega a ironizar sobre o que se podería denominar “intelectualización” ou proxección sobre a literatura galega de teorías, correntes de pensamento ou ferramentas de análise de orixe foránea, o que el denomina “profundadores”:

[O] lar trocouse en razón para uns poucos eruditos... Zecais dentro de pouco tempo ô ser home xa non sexa cousa d’interés. Mais agora o home é unha cousa sen explotare abondo. O home e unha mina.

Agora veñe a filosofía Heideggerián. A poesía americán dés Ezra Pound en adiante. Agora veñen os estudos psicoanalíticos de Rosalía e da nosa i-alma. Agora, señores, ven a cultura. Ouh! Que grande cousa son os profundadores!” (“Allá en tiempos que fueron”, [s.d.]).

Finalmente, cabe destacar tamén o interese que manifestaba pola lectura de biografías e epistolarios centrados en figuras literarias ou artistas, como a de Max Brod sobre Franz (editada na súa versión orixinal en 1937: *Franz Kafka*,

<sup>14</sup> Un sacerdote católico co que mantivo correspondencia teríalle recriminado así a súa afinidade con Spengler: “No confundamos, como tan lamentablemente confunde Spengler –el profesor alemán que a Vd. tanto le gusta, a veces– la religión con la aniquilación de la personalidad y de la voluntad –no tengo su obra a mano y no puedo precisar” (“Supuesta respuesta del Padre Marcos a Juan Ignacio Casal”, c. 1957).

*eine Biographie*)<sup>15</sup>, ou as célebres *Cartas a Theo*<sup>16</sup> de Vincent van Gogh. Estes dous exemplos amosan tamén de xeito claro cal era o perfil de artista atormentado e illado, que procura a súa expresión existencial a través da linguaxe da arte, que fascinaba a Casal.

Finalmente, non faltan nos escritos de Casal referencias a obras relixiosas e de devoción cristiá, como *Floreccillas de San Francisco*, proba dun interese profundo pola relixiosidade e, en xeral, a espiritualidade.

#### 2.1.4. Poesía

No que se refire á poesía, as lecturas de Casal foron tamén amplas e variadas, como materialización do seu aprecio pola lírica, á que consideraba o “cume máis arriscado da creación literaria” (Patiño 1985: 141). Entre as lecturas de autores internacionais documentadas a través das súas notas e cartas, destacan as obras de R.M. Rilke, W.B. Yeats (*Dous folkdramas*), Dylan Thomas ou John Milton (1608-1674), dos que non consta que lese na súa versión orixinal, ou diversas antoloxías, como *Lira negra*<sup>17</sup>. Foi tamén admirador do poeta alemán Friedrich Gottlieb Klopstock (1724-1803), autor de poesía relixiosa de carácter cristián (*Messias*), moi valorado nos séculos XVIII e XIX, pero xa de interese minoritario na época de Casal. En calquera caso, e contrariamente ao que vimos respecto da dramaturxia e da narrativa, serán os poetas galegos os que susciten a maior admiración por parte de Casal. A nómina de autores mencionados será case exclusivamente masculina, coa única excepción de Rosalía de Castro.

#### 2.2. A tradición galega a través da lectura de Xohán Casal

Nos seus escritos privados, Casal deixou comentarios sobre a poesía trobadoresca, o que testemuña do seu achegamento á tradición literaria do medievo. O seu coñecemento da etapa do Rexurdimento foi ben máis profundo: así o demostran as referencias e reflexións sobre Rosalía de Castro e a súa obra (un poema de *En las orillas del Sar* dá título a un dos seus breves ensaios, por exemplo); sobre Eduardo Pondal (de quen destaca a idea de Deus, a espiritualidade e a *acción*, como veremos máis abaixo); e acerca de Manuel Curros Enríquez, a quen enxalza especialmente como “home de acción”. No relativo á literatura do século XX, destacan as mencións a Antón Villar Ponte (*Evanxeos da Risa Aisoluta*), Antonio Noriega Varela e Xohán Vicente Viqueira<sup>18</sup>. Da obra dos galeguistas da xeración Nós, valorou e enxalzou a Alfonso Rodríguez Castelao e a Ramón Otero Pedrayo como “homes de acción”, mentres que pola contra se mostraba moi crítico con Vicente Risco, como veremos máis abaixo.

Entre os “homes de acción por Galicia” salientou especialmente a Castelao e, no seu roncel, a Luís Seoane, quen para Casal constituíu exemplo de galeguista, escritor e artista cun compromiso inquebrantable con Galicia. Así se pon de manifesto nas cartas á librería Follas Novas, dirixidas a Xosé Neira Vilas (15-11-1958 e 14-2-1959).

Situaba Casal no polo oposto destes valores positivos a outros coetáneos como Álvaro

<sup>15</sup> Casal recolleu as súas impresións no seu “Diario”, onde consignou o seguinte, en tradución súa: “6:30 da tarde, lendo a Max Brod, Kafka. Páx. 117: «Fai uns días q’ escribo; ogallá dure. Non estou tan preservado e sulagado no meu traballo, coma fai dous anos (1912) pro, con todo, conquerín darlle un remo á laboura; ña vida metódica, vouga, enaxenada, célibe, ten unha xustificación. Podo voltar ó diálogo comigo mesmo e me non m’afasto d’un vougo total coma o de inantes. Somentes por iste camiño poderei mellorar»” (25 e 26-11-1957).

<sup>16</sup> Esta correspondencia editouse orixinalmente en 1911 baixo o título *Les Lettres à son frère Théo* e estaba dispoñible en español en edicións de 1943 e 1949 (*Cartas de Vicente van Gogh a su hermano Theo*, editada por “El Ateneo”; fonte: Biblioteca Nacional de España). Casal encargou o volume á librería Arenal, de Madrid, nun pedido que incluía tamén reproducións de Kandinski e a “Apocalipse” de Durero (“Carta da Librería Arenal (Madrid) a Xohán Casal”, Fondo Xohán Casal, [s.d.]).

<sup>17</sup> A referencia completa da obra é a seguinte: *Lira Negra. (Selecciones españolas y afroamericanas)*. Recopilación, prólogo y notas de José Sanz y Díaz. Madrid, col. Crisol, nº 21, editorial Aguilar, 1945. Trátase dunha nova edición (presentada como reedición) da obra *Antología de la poesía negra hispanoamericana*, ao coidado de Emilio Ballagas (Madrid, col. Crisol, nº 21, editorial Aguilar, 1944). A colección de libros de peto Crisol botou a andar en 1943 e nela viron a luz os grandes clásicos, seleccionados tras unha enquisa do público lector da época. En 1962 aparece a 2ª edición corrixida e aumentada, esta vez intitulada *Lira Negra. Selecciones afroamericanas y españolas*.

<sup>18</sup> De feito, realizou moito esforzo a conseguir un volume dos *Ensayos y poesías* de Viqueira (Nós, Publicacións Galegas e Imprenta, 1930), que se vendía naquela hora a un prezo pouco abordable (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 1-12-1955). Finalmente, Enrique Iglesias ofreceullo como agasallo no Nadal de 1959 (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 7-12-1959).

Cunqueiro ou Daniel Cortezón (autor de *As covas do rei Cintolo*<sup>19</sup>), con cuxos posicionamentos estéticos e políticos quixo marcar unha clara distancia, como veremos.

Entre os seus coetáneos, reflectiu a súa admiración pola obra publicada de escritores mozos coma el, con algúns dos cales mantivo correspondencia: Xosé Luís Franco Grande (de quen apreciaba tanto a obra dramática *Vieiro choído*, como a poética), Manuel María ou Manuel Cuña Novás (Bermúdez 2005: 13-14), mentres que mostrou o seu debezo por conseguir a segunda obra de Gonzalo Rodríguez Mourullo, *Memorias de Tains* (1956).

### 2.2.1. Olladas sobre o Rexurdimento

Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez foron os autores de referencia no Rexurdimento para Casal, se atendemos ao volume de reflexións sobre eles en comparación con aquelas baseadas na obra de Rosalía de Castro, menos numerosas. Así, enxalza o Bardo con estas palabras: “O único poeta realista da Galiza foi Pondal, o unico Bardo” (“Allá en tiempos que fueron”, [s.d.]).

Noutros fragmentos, puxo de manifesto a fidelidade á “terra” que compartirían Rosalía e Pondal, froito das súas vivencias no ámbito rural e popular galego, contraponéndoos aos seus coetáneos, situados a medio camiño entre o campo e a cidade:

Os poetas que coma Rosalía e Pondal viviron perto da campía poideron cantar primeiramente o seu mundo de terra e logo o verdadeiro mundo de todol-os homes. Mais vos non tedes mundo de terra. ¿Cal é o voso mundo? ¿O campo? Non. ¿A cibdade? Non. Oxe non hai xa cibdades galegas. Restan uns poucos homes n’ela. Os que están antr’o campo e a cibdá, isto é[,] antra vida e a morte.

¿Quen pode decir oxe que a súa casa n’un piso outo e o seu lar? (“Allá en tiempos que fueron”, [s.d.]).

Ao longo das páxinas que Casal nos deixou, revélase con claridade o papel central que concedía á idea de *acción*. En liña con esta idea, proxectada sobre o estético e o político, Casal colocaba a épica nun lugar da máxima

relevancia: de aí o seu interese pola poesía de Pondal e a súa lectura de Curros Enríquez. A partir da lectura de *Sete poetas galegos* de Carballo Calero á que antes nos referimos, declara:

Por primeira vegada na miña vida comprendín a Curros. Inantes o despreciara, agora o valorei no que meresce. Pro hai unha consideración de Carballo Calero que me fixo cismar, xa que ven a ratificar e concretar as miñas ideas. Eis: Curros é un poeta con moito de épico, por non decir que é un poeta épico. De maneira concreta pódense sinalar náquila témpora dous poetas épicos na Galiza: Pondal e Curros. (“Diario”, 8-10-1957)

Nos seus escritos, Casal elaborou o seu discurso sobre literatura galega especialmente a través da reflexión sobre a poética de Pondal, de quen partiu para formularse interrogantes sobre o obxecto e o sentido da creación literaria. Concluíu que Pondal representa un inmillorable modelo, fundamentalmente polo seu realismo. Referíndose de maneira xeral aos escritores e intelectuais galeguistas, preguntábase:

Será qu’inda non atoparon coa unica realidade que anunciou Pondal? Será que é mais importante oxe traducir do frances e ingles un feixe de poesías ou un libriño de filosofía aleman que poñer en galego o Éxodo ou a Biblia enteira?

É que non se decatan que Pondal calou no mais fondo da realidade e dixo que tiñamos de facer unha lingoa nova, c’unhas ideas novas, c’un novo ideal, c’unha nova forza, c’unha nova auténtica realidade, c’un Deus novo?

Non se decatan co home somentes e universal cando ten calado tan fondo na i-alma da sua terra que inclusive ista tornase humán e vai cobrando nome d’herói? (“Allá en tiempos que fueron”, [s.d.]).

Adoito en ton reivindicativo, interesouse por coñecer a valoración de coetáneos como Franco Grande sobre a obra do Bardo, poñendo de manifesto os méritos e a vixencia das achegas pondalianas en diferentes planos, incluído o lingüístico:

¿[Q]ué pensas da poesía propunada por Pondal?  
¿Coidas n’unha literatura Relixiosa en Galicia?

<sup>19</sup> Casal leu o volume en 1957, con especial atención ao limiar de Ramón Piñeiro, no que este expoñía o seu ideario estético-filosófico en contraste coas propostas de narradores como Gonzalo R. Mourullo (Bermúdez 2001): “Ista mañán, moi cedo, collín «As covas do Rei Cintolo» e leín o limiar. Somentes o lëra unha vegada, hoxe, pouco a pouco, funo papando todño, pra ficar arrepiado” (“Borrador de carta a Xosé Luís Franco Grande”, 2-10-1957).



Isto pra min ten moitísimo interés, non o desbotos como a cuestión do Ritmo, así pol-as boas. Coido –con toda sinceridade– que a Pondal non se lle fai moito caso, e até lle corrixen a ortografía e a sintaxis sen se decatar que foi o único que teimou de crear unha sintaxis galega. (“Borrador de carta a Franco Grande”, 26-9-1957)

### 2.2.2. Olladas sobre a Xeración Nós e a literatura de posguerra: Castelao, Seoane e Otero Pedrayo vs. Risco e Cunqueiro

Sen dúbida, no proceso de formación de Casal como escritor galego foi fundamental a figura de Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Como testemuñou Patiño, a lectura de Castelao determinou que Casal decidise escribir exclusivamente en galego<sup>20</sup>. Para Casal, Castelao supuxo unha referencia central, como figura exemplar de activismo político, alén do recoñecemento literario. De feito, o mozo coruñés definiuse a si mesmo como membro dun grupo de rapaces situados na estela dos galeguistas de preguerra, mozos que describe como “[o] lloparos do povo, lectores de Kierkegaard, medrados en Pedrayo ou Castelao” (“Borrador de carta a Follas novas”, 14-2-1959).

Para Casal, era tan importante o legado político do rianxeiro coma o literario e artístico. Neste sentido, os estudos sinalan que “a posición ideolóxica de Casal estaba en sintonía co sentir galeguista dos exiliados, máis que coa orientación culturalista do interior” (Bermúdez 2005: 40). En definitiva, a posición de Casal non se amolda á caracterización de Castelao que estaba a ser construída polo núcleo piñeirista de Santiago arredor de Galaxia, senón que camiñaba en sentido contrario. Cómpre ter en conta que naquela altura Castelao estaba sendo obxecto do que Regueira denomina “conversión nunha figura mística” (2020: 130) por parte de Galaxia, onde se lle aplicaba unha

peneira non (...) só ideolóxica, na medida na que non só ignora o importante legado político do rianxeiro, senón que tamén aplica á súa figura a mesma filosofía irracionalista, imanentista, ontolóxica e profundamente esencialista que o círculo de Galaxia aplicará entón á maior parte do legado cultural galego (incluída a propia Rosalía de Castro). (Regueira 2020: 130)

O compromiso e, sobre todo, a *acción* son os trazos aos que Casal concedía máis relevancia para caracterizar a Castelao, como xa vimos no caso dos autores de Rexurdimento. Así o amosa o fragmento seguinte dos seus “Diarios”:

Poucos homes tivemos d’aición. Curros, Castelao e outros máis, pro inda son poucos. O que fixo un teñen que facelo todos. É ben certo que Castelao e outros moitos aituaron con toda a forza do seu corazón, máis abonda con botar unha ollada ao cabo dos “Evanxeos da Risa aisoluta” do Villar Ponte. Ou ao “Agasallo” de “Dous folk-dramas” de W.B. Yeats, para se decatar do mundo no que vivían aqueles homes. Que[n] quera comprendelo ben ten de poñer a obra de Castelao devanceira do 37 –e a dos seus compañeiros cara á do 37 e posteriores. Lois Seoane segue o camiño que Castelao abriu no seu máis grande esforzo. Todo canto os sonos acocharon veuse abaixo perante a fériada realidade do 37. Sen as xornadas do 37 moitas verdades non houberan agromado coma o fixeron. (“Diario”, [s.d.]

A nómina de figuras de referencia galegas no século XX complétase con Ramón Otero Pedrayo e Luís Seoane. Seoane foi o maior referente vivo de Casal, quen o situaba no ronsel de Castelao. Os estudos sobre o período coinciden en sinalar a Seoane como figura fundamental no campo cultural galego, por fornecer desde o exilio unha nova proposta programática que se proxectaba máis alá dun mero “antagonismo político e cultural personalizado na figura de Ramón Piñeiro” (Casas 2011: 331). Segundo este autor,

Seoane interveu no campo cultural galego desde o exilio cunha proposta programática e planificadora que aspiraba á substitución dos repertorios culturais activos ou latentes nos distintos subcampos, tanto no plano xeográfico –a Galicia europea e as Galicias americanas– como no plano social –cultura burguesa, cultura proletaria e cultura popular. Este programa non se activou en termos históricos como unha impugnación global de todo modelo anterior, malia o cal ía moito máis lonxe que calquera planificación previa, incluída a do galeguismo de Nós e o Seminario ou toda forma continuísta ou conservadora en relación cun tempo histórico que Seoane entendía superado. (*Id.*)

<sup>20</sup> Segundo Regueira, esta decisión representa un “xesto que o aproxima á adscripción da delimitación filolóxica do campo como elemento forte que se percibe noutros axentes novos” (2020: 361), como os autores da Nova Narrativa, por exemplo.

Desde a súa posición no exilio, Seoane representou unha alternativa á postura canónica da intelectualidade de Galaxia que, tal como se reflicte na súa correspondencia, chegou a materializarse nun enfrontamento dialéctico con Piñeiro<sup>21</sup>. En relación con Seoane, afirma Regueira:

A súa actitude é de defensa dunha autonomía individual que, aínda que concede un gran valor á necesidade de representación e publicidade dunha causa política, nunca se pon ao servizo dos postulados programáticos de ningunha das súas liñas principais. A defensa desa autonomía fronte ao subcampo de produción ideolóxica pode verse nunha actividade editorial ao servizo, pero non ás ordes, das estruturas do galeguismo do interior. Ante este, Seoane privilexia a necesidade de establecer un discurso literario relacional e universal, aberto ás tendencias contemporáneas que, aínda tendo unha serie de características étnicas determinadas, non se desenvolva sometido a estas nin a unha interpretación fechada e normativa como a proposta por Galaxia. (Regueira 2020: 416)

Pola súa banda, Axeitos destaca en Seoane a procura dunha “visión ética” (2005: 57) e sinala o “carácter moral, ético e político da expresión artística de Seoane” (*Ibid.*: 71), así como a reivindicación dun discurso que incorpore o pobo como suxeito histórico<sup>22</sup>.

Lector ávido e seguidor entusiasta da obra de Seoane, a Casal non lle escapou a relativa

distancia ética e estética entre os posicionamentos de Seoane e os dos axentes culturais da Galiza do interior, isto é, o núcleo de Galaxia<sup>23</sup>. Tamén foi quen de detectar, desde a súa posición marxinal, as perspectivas alternativas que encarnan as obras de Seoane no relativo ao tratamento da historia e do mito<sup>24</sup>. Así, Casal interérase pola posición no sistema en que Piñeiro situaba a Seoane, e interroga a Franco Grande sobre esta cuestión: “Pra il [Piñeiro] hai dúas tendencias na nosa literatura. Unha a representada por A. Cunqueiro, outra por Fole. ¿A Lois Seoane onde o colocan? ¿Na banda realista de Fole?” (“Borrador de carta a Franco Grande”, 26-9-1957).

Casal coñecía moi ben tanto *Fardel de eisilado* (1952) como o resto da obra de Seoane, de quen di que ter lido “cáseque todol-os seus libros” (“Borrador de carta a Neira Vilas”, 14-2-1959). Así, na correspondencia coa editorial bonaerense Follas Novas insistiu en expresar unha fonda admiración por Seoane, sobre quen afirma: “Seoane figura antr’os meus mais queridos autores” (“Borrador de carta a Follas Novas”, 15-11-1958). Puxo de manifesto a súa afinidade co autor en diversas ocasións, poñendo o acento nos aspectos políticos, isto é, nunha ética que para ambos ía conectada coa estética. En referencia a Seoane, confesou Casal a Patiño: “sinto que os seus libros foron definitivos para min, n’il topei a prasmación da miña idea política” (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 27-9-1958).

<sup>21</sup> Así o mostra o fragmento seguinte, referido a un enfrontamento de Seoane con Piñeiro a raíz das críticas deste a *La soldadera*, no que Seoane argumentaba: “O que chamas tí confusión «arte-literatura-loita de clases-revolución», non ten ren que ver coa posición estética nin política do «pueril» editorialista de G.E. [*Galicia Emigrante*], é decir miña, a que te refires. (...) Esa posición que tí tes por confusa e rematada descoñecendo a súa vitalidade aital, gústenos ou non, sigue levantando polémicas, continúa sendo respetábel e non «puro anacronismo» como tí dis. Supoño que non terás xa rematado xa a Sartre e aos seus meditando –e facéndoa– nunha literatura, (nin aos realistas norteamericáns, nin aos neorealistas italiáns), sumerxida en aición. (Seoane a Piñeiro, 11-2-1958, en García López *et al.*, 2014)” (Regueira 2020: 95-96).

<sup>22</sup> “Intenta Seoane reivindicar o dereito do pobo a entrar na historia. Este modelo de país e de arte, con profundas raíces éticas, procura a súa encarnación na cultura popular: como consecuencia, arte románica, miniaturas medievais, *pobo como concepto esencial* e busca de heroes que teñan as súas raíces no pobo” (Axeitos 2005: 79; cursiva nosa).

<sup>23</sup> Neste sentido, Arturo Casas destaca as contribucións á “localización de Seoane como intelectual, artista e literato na historia cultural, na historia da arte e na historia literaria galegas” por parte dos intelectuais galeguistas no interior, destacando “tres observacións moi conectadas entre si feitas por Carballo Calero no lugar que se acaba de precisar: 1) a falta de conexión directa de Seoane e o seu círculo co Seminario de Estudos Galegos debido á súa preferencia polo traballo político, 2) a discrepancia de Seoane co historicismo dos galeguistas máis tradicionais, 3) a ausencia de engarzamento ou filiación directa de Seoane e o seu círculo co grupo Nós e a procura alternativa de vínculos menos tradicionais e máis internacionalistas” (2011: 333).

<sup>24</sup> En *Tres hojas de ruda y un ajo verde* (1948), Seoane “formula un universo máxico histórico” que funciona como un “reverso mítico da aposta de Cunqueiro” (Regueira 2020: 97), ao tempo que desenvolvía en *La soldadera* (1957) un “discurso historicista que porén reivindica o protagonismo das clases populares fronte ás xerarquías medievais” (Regueira 2020: 97).

De feito, resultan claras as conexións entre Casal e Seoane en cuestións clave como a visibilización do elemento popular (incluíndo o proletariado) ou o compromiso ético e político. A posición política explicitada por Casal nos seus textos –relacionando ideoloxía, etnicidade, arte e renovación– revélase en liña cos eixos fundamentais do pensamento de Seoane. Segundo Regueira, o posicionamento de Seoane “dun lado valora un repertorio étnico representado por outros axentes precursores, e por outra parte é consciente da necesidade de realizar un discurso universal e comprometido coa humanidade” (Regueira 2020: 416-17). Se Seoane se propón elaborar “un alegato polo home; polo home galego, que é un xeito de que o sexa polo home universal” (*apud* Fernández del Riego 1955: 229, en Regueira 2020: 416), Casal móstrase preocupado por chegar ao *povo*, o pobo galego que traballa e padece, no campo e na cidade<sup>25</sup>.

Como consecuencia da afinidade que percibía e, tamén, movido pola vontade de ver publicada a súa obra, Casal tentou conectar persoalmente con Seoane, na esperanza de que fose unha vía ou ponte cara ás editoras galeguistas en Bos Aires: “Se coñece a L. Seoane, fagalle chegar o noso prego. Digalle que faga un buratiño en Galicia Emigrante, e de todos os xeitos dígalle que eu, que teño 25 anos –leín cáseque todol-os seus libros e por iso mándolle unha grande aperta” (“Borrador de carta a Neira Vilas”, 14-2-1959).

Mentres que as figuras de Castelao e Seoane constituían referentes éticos, políticos e literarios no exilio, Casal destacou a Ramón Otero Pedrayo como piar do galeguismo e da literatura galega no interior do país<sup>26</sup>.

A obra de Pedrayo paréceme inatacabre e agora penso que sería de nós sin él nistes 20 anos derradeiros. Pro hai que ter coidado con as tendencias dos que son homes de outras xeneracións. Nós somos galeguistas que cada día doume

máis conta delo. Galeguistas mozos, novos, de unha xeneración que superou incruzo o comunismo ruso. Decateime aquela noite na ría –namentres ouvía as amargas verbas do vello galeguista– que para nós todo aquilo fica como un mapa histórico que asina o Fado indiscutible e invariabile. Semella como si a historia de Galiza houbera percorrido xa unha das etapas máis longas da súa vida e que nos xa temos unha visión de conxunto que supera â dos devanceiros. As posibilidades que pechamos son infundas, pro incalculables. Hai que inocularlles a estes rapaces novos “dinamismo histórico”, asiñalarlles o camiño, pro cunha nova responsabilidade e un novo concepto do Fado da nosa patria. (“Borrador de carta”, [s.d.]

As obras de Otero Pedrayo estaban presentes na súa biblioteca particular, que se foi enriquecendo ademais cun volume regalado por Piñeiro: “Piñeiro regaloume un libro homaxe a Otero Pedrayo imprentado en Caracas” (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 7-12-1959).

Esta valoración de Otero Pedrayo como continuador do galeguismo era compartida pola intelectualidade da época. Sen dúbida, Otero Pedrayo gozaba en Galaxia dunha “aceptación sen fisuras” (Regueira 2020: 132): representaba a lexitimidade política do Partido Galeguista. Como sinalou Regueira, “[a]o contrario do que acontece con Vicente Risco, a identificación con Otero Pedrayo e o seu valor como membro supervivente da Xeración Nós é completamente asumida polo círculo de Galaxia, que ve nel un espello vivo do que pretende facer” (*Ibid.*: 126).

No polo oposto do modelo de Castelao, Seoane e Otero Pedrayo, as figuras de Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro representaban para Casal a antítese do “home de acción” ideal, politicamente activo e comprometido co pobo. Casal situounos claramente nun eixo negativo, como exemplos daquilo do que cumpriría afastarse.

<sup>25</sup> “Eu non podo pensar en mólidas saudades, en teimas filosóficas. Eu pra min teño a vida que decorre polas rúas «*aínda galegas*» da vila –Gaitreira, Castros, Pedra Longa, etc.– (...) Eles sofren e se esfolan a cotío, eu non teño cara pra falarlles (...) de «fadas» e «trovadores»” (“Carta de Xohán Casal a Xosé Luís Franco Grande”, [s.d.], c. 1957, en Casal 2005: 213). Como consecuencia disto, coa incorporación do “espazo urbano terían de agromar a problemática social, a denuncia, a realidade ferinte e inmediata do vivir cotián” (Bermúdez 2005: 30) na obra literaria de Casal.

<sup>26</sup> A centralidade da posición de Otero Pedrayo no núcleo galeguista, como nexa de unión co galeguismo de pregueira, está amplamente recoñecida na totalidade dos estudos sobre a época, desde Franco Grande 1985 a Regueira 2020.

Ao longo de textos diversos Casal expuxo de xeito recorrente ideas nunha mesma liña de compromiso coa realidade e co popular, lonxe da máis mínima traza de evasión ou fantasía, de “fadas” e “trovadores” (Casal 2005: 213). Na súa lectura, Vicente Risco e Cunqueiro representaban a contraposición da súa postura como galeguista, claramente política, comprometida e de esquerdas:

Polo que se ve Risco metérase no Galeguismo ca sana intención de contrarrestar o efecto dos roxos que nil militaban. Ora Cunqueiro que pretende darlle un cariz poético ó asunto, levalo pras dereitas. O asunto básase na falta de integridade ideolóxica de Álvaro. Visto o seu traveso o galeguismo é pura poesía, pura elucubración lírica, as intencións políticas desapareceron. (“Borrador de carta”, [s.d.], probablemente a Reimundo Patiño).

Cómpre ter en conta que nesa época tamén Ramón Piñeiro e, por ende, Galaxia mantiveron unha perspectiva ambivalente cara a Vicente Risco, segundo Regueira, quen afirma:

É evidente que a actitude ambivalente cara a Vicente Risco ten un correlato no exemplo que a xeración de Galaxia atopa en Ramón Otero Pedrayo, un autor cun valor simbólico que poden usufrutuar sen posibilidade de caer nas contradición pro-franquistas que si atopan no outro membro de Xeración Nós. (Regueira 2020: 124-125)

A valoración que Casal fixo da obra e da figura de Álvaro Cunqueiro resulta así mesmo moi negativa, na mesma liña da que acabamos de ver para Risco. Tras sinalar o que consideraba “falta de integridade ideolóxica” de Cunqueiro, Casal afirmou: “Visto [ó] seu traveso o galeguismo é pura poesía, pura elucubración lírica, as intencións políticas desapareceron” (“Borrador de carta”, [s.d.], probablemente a Reimundo Patiño). Nestoutra reflexión recollida na súa correspondencia con Franco Grande, Casal expresaba as súas valoracións éticas e estéticas sobre o labor de Cunqueiro:

O poeta debe horear nas suas verbas poéticas até adequirir un linguaxe ríspido e curtante. (...) A poesía debe de xurdir coma un arrecendor. Toda isa enxurrada de verbas: “estrelecer,

solpor, donas do corpo delgado, etc.”, as deixo para Cunqueiro que ten moito que acochar. Pro eu só quero a sinceridade máisima. A sinceridade Relixiosa, e ti xa sabes que a poesía é a música do corazón, e notare na outura das ideas, no pran da obra, no ritmo, máis que nas verbas enfiadas aló ondia se fala de tudo aquilo que débese “notar” (“Borrador de carta a Franco Grande”, 26-9-1957).

### 3. Conclusión

Ao final deste percorrido polo universo de lecturas de Xohán Casal, consideramos que se puxo de manifesto a amplitude e profundidade da súa experiencia lectora, moi notable no marco da ditadura franquista. A diversidade de xéneros, épocas, autores e propostas estéticas polas que se interesa queda probada. Por outro lado, as reflexións, comentarios e críticas que elabora sobre as súas lecturas proporcionannos unha valiosísima información sobre o seu posicionamento no sistema literario. Sen dúbida, esta información poderá contribuir a completar o seu perfil como escritor galego na súa época.

Ao longo do texto móstrase cales son os valores que Casal considera fundamentais na práctica como escritor. Destaca a enorme importancia que concede á *acción* —a cualidade máis louvada en Pondal, Curros e, sobre todo, Castelao e Seoane— e a relevancia que concede ao compromiso político e á visión ética. Por outra banda, como vimos, Casal tamén manifesta ideas ben definidas e rotundamente afincadas no popular, en liña coa orientación dentro do galeguismo de Castelao e Seoane, xunguidas á épica e relixiosidade de Curros e Pondal<sup>27</sup>.

Entendemos, xa que logo, que deste xeito Casal deixa testemuño do seu posicionamento en relación coa cuestión do compromiso do escritor, presente na súa época nos escritos de Sartre, Camus e Beauvoir e que deu lugar a intensos e profundos debates intelectuais, aínda vixentes.

Na nosa consideración, Casal situouse nos antípodas do modelo do “homo patiens”, isto é, de cidadanía pasiva e apolítica (Cayuela 2009, 2014), imposto polo réxime franquista: para Casal, a actividade intelectual e o compromiso político son irrenunciabes na práctica vital.

<sup>27</sup> Afirma Casal: “xunguirei ao Manoel María e ao Seoane – Pondal ↔ Curros. –E os obreiros retrincados do “Fardel” terán a visión profética e *terribilmente relixiosa* do Advento...” (“Borrador de carta a Reimundo Patiño”, 27-9-1958, en Bermúdez 2011: 177; cursiva nosa).

A prematura morte de Casal deixou proxectos inconclusos e, certamente, algunhas cuestións abertas, que nunca lograrán resposta: Que modelos repertoriais podería ter achegado Casal, nesa época de emerxencia de novas propostas narrativas, de non terse visto truncada a súa vida? Como tería madurecido os proxectos literarios que nos deixou apenas esbozados? Como tería materializado o seu posicionamento

político no seu contexto histórico e que relacións terían chamado co núcleo ideolóxico e cultural do galeguismo?

Certamente, da análise dos escritos de Casal caben aínda novas liñas de estudo. Polo momento, a análise da correspondencia e dos escritos persoais do autor permítenos botar luz sobre unha parte ata o de agora descoñecida do seu legado.

#### 4. Referencias bibliográficas

- Arquivo da Real Academia Galega: *Fondo Xohán Casal*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Axeitos, Xosé Luís (2005): “Testamento e testemuña na obra poética de Luis Seoane. ¿Fardel de eisilado obra emblemática?”, en X. M. Dobarro (coord.), *Cinco impactos poéticos en ditadura*. A Coruña: Universidade da Coruña / Xunta de Galicia, pp. 51-86.
- Barthes, Roland (1974): *Le plaisir du texte*. Paris: Éditions du Seuil.
- Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa (2005): “Estudo introdutorio”, en X. Casal, *O camiño de abaixo*. Vigo: Xerais, pp. 7-105.
- (2011): “Palabras na penumbra. Un achegamento á ideoloxía e á estética de Xohán Casal”, *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca (Anuario de filología catalana, gallega y vasca)* XVI, pp. 163-182.
- Casal, Xohán (2005): *O camiño de abaixo*. Vigo: Xerais.
- Casas, Arturo (2011): “O compromiso como posición no campo cultural. Luís Seoane no campo cultural galego”, en R. Villares (ed.), *Emigrante nun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina. Actas do Congreso Internacional Luís Seoane: Galicia-Arxentina, unha dobre cidadanía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 311-337, <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1687> [consulta: 25/03/2021].
- Cayuela Sánchez, Salvador (2009): “El nacimiento de la biopolítica franquista. La invención del «homo patiens»”, *Isegoría* 40, pp. 273-288, <http://dx.doi.org/10.3989/isegoria.2009.i40.660>.
- (2014): *Por la grandeza de la patria. La biopolítica en la España de Franco (1939-1975)*. Madrid: Fondo de Cultura Económica de España.
- Fernández del Riego, Francisco (ed.) (1955): *Escolma de Poesía Galega IV: Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia.
- Figuroa, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Franco Grande, Xosé Luís (1985): *Os anos escuros. I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*. Vigo: Xerais.
- Patiño Mancebo, Reimundo (1985<sup>2</sup> [1970]): “Prólogo”, en X. Casal, *O camiño de abaixo*. Sada: Ediciós do Castro, pp. 11-19.
- (1985<sup>2</sup> [1970]): “Epílogo á segunda edición. Escritos no tempo polo que levo viaxado nestes meses”, en X. Casal, *O camiño de abaixo*. Sada: Ediciós do Castro, pp. 137-152.
- Regueira, Mario (2020): *Narrativa e imaxinario nacional na reconstrución do campo literario de posguerra (1936-1966)*. Vigo: Xerais.

#### 5. Anexos

##### 5.1. Borrador de carta a Reimundo Patiño

A Cruña, 1 Nadal de 1955

O meu querido irmán Patiño:

Certamente es o meu irmán. Xunguido a ti deica máis non poder.

Oxe alagados por a choiva torrencial estiven todo o día adicado á literatura. Dende fai semás

enteiras non fago outra cousa. Todo encetou ca amizade intelixente e sinceira do Eduardo. O derradeiro domingo –iste non, senon o outro– fomos polo campo, sempre o facemos cando se pode. Percorrimos a estrada de Rutis deica o Pazo. As albres estaban douradas na tarde

xiada, griseira e nidia. As landas os prados eran xa de novo verdes e vizosos. Dende o Portazgo baixamos a Fonte Culler pola estrada paralela á de Vilaboa. Alí sentámonos fronte das casiñas de Fonte Culler [que hai] cabo do tren. Durante unha hora estivemos ollando pra ría que semellaba de estaño ou espello. Toda a banda de San Pedro emborcábase nela ca lús da serán. Xa na noite fumos deica cara á ría ós meixillós. Estaba ateigado de labregos e partidas de cazadores. Os cás galgos e de palleiro cinguían as [...] cheas de lama. Nebreime de ti todo o tempo. E si agora cho conto non é polo sádico pracer de facerte morrer de soidades, senón por enviarche unha vaga dos meus intres na terra.

Os contos de Hemingway fixéronme moito ben, foi como si me “desperezara”. Logo tiven un encontro afortunado. Topei “O retrato do artista adoescente” de J. Joyce. É unha obra impresionante e imprescindible para comprender ó “Ulises”. Enlevoume, fixome medrar [ideias] coma patacas. I escribín. Logo unha noite topamos co Paz. Camiñaba só na procura dun libro. Veu con nosco á miña casa i empresteille varios, como xusta correspondencia deixoume unha das mellores obras de H. Hess (*sic*) “Stepenwolf” que fai anos houbéranos toleado deica o suicidio. Abriume os ollos a moitos erros dos meus escritos e que ti mesmo señalas na tua carta –sobor todo “diario íntimo”– e foime de proveito.

Hoxe dubidaba de ir a crase e agora xa non vou. Tamén dubidaba cun escrito recién feito e agora xa non teño dúbidas. Polo Parga mandache un libro de contos. O Tema deles é a soeidade, pro hai varias técnicas e procedimentos. Teño dous ou tres de un só personaxe, de pura introversión e narrativa subxetiva –“A vella” é o máis acentuado, somentes unha vella na espera da morte–. Logo do mesmo tema varios máis. Na “Illa” –que che contei no monte do Portazgo unha tarde– xa entra en conflito outro persoaxe. Agora, cando chegou a tua carta, estaba escribindo “O Zamurdo”. Non é aquel conto antigo do mesmo nome. Este é un conto de guerrilleiros. Subxetivo, inteleitual, cheo de aición interior, pro tamén real e descriptivo, con escenas “policiacas”. Precisamente dudaba sobor isto e pensaba en eliminalas. Non sabía o que facer, porque vai a chocar moito cos demais contos. No Zamurdo, amáis iste, hai varios persoaxes: O Neno, O Inzo, O Ardrón e O Corgo.

O Inzo namórase –por así decilo– dunha moza e ó baixar do monte para fodela o matan. Como vés a historia ten de todo. É teinicamente novo. Logo xa virán caendo máis argumentos.

A Noite non di ren da tua litografía. Pubrica somentes a foto cun pé no que se fala dun recital. Pro outro xornal –coido que a Folla do Lús– falaba dela deceindo que “O pintor Patiño fixera unha espléndida litografía”. Non che mando a foto da Noite por que (*sic*) Ila prometín á tua nai.

O outro día vin unha exposición misional sobor África e topei unha reprodución de Arte Christian asombrosa. Era unha taia (*sic*) en madeira que nebraba irremisiblemente a [Barlach] –ou como se diga–. Un descendimento con varias figuras estranas. Había un home [...] abrigo cun brazo nos ollos. Unha muller axionllada cas mans na caluga... algo sorprendente.

Precisamente pensara eu nas tuas litografías para o meu libro. Se me sale ben sería maravilloso que mo ilustraras. É un libro que quixera mandar a Galaxia. Non é que teña esperanza de que o pubriquen, e que quero que me coñezan. O libro levará de todo e sempre e bô saber con quen conta ún damigos ou nemigos e que posibilidás tén.

Malia todo teño que estudar moito para rematar Peritaxe en Xunio. Algo [siniestro] pendurase sobor min. Cada vegada hai máis tirantez antre os meus irmáns i eu. Ben sei que si cateo pode estoupar a cousa e hai que darlle longas. Sería fatal outra pelea.

Mándame esos libros e máis que podas. Tamén eu ando mal de cartos e non podo mercar polo momento. Tiven que deixar un que me quitou o sono. Por máis que fixen non erguín dous pesos e custaba 12. Todos estaban pasmados. Era o libro de X.V.Viqueira. Metade en castelán metade en galego. Chorei e todo. Hai que esquecer. Outra vez será. Hastra pensei en escribirche para... pedirche cartos (!).

Dille ó Parga que arelamos a sua presenza e que si eu non lle escribín non deixamos nin de pensar nin de falar dil. E como [pensa] que falamos ben é maravilloso.

Tamén eu, amigo Patiño, arelo estar outa vez contigo niste cuarto. Quique quería instalar agora mesmo un estudio, lle dan cunha forza atroz. Tamén ó comentar eu –e perdoa a indiscreción– os teus apuros económicos, olloume co cello baixo e afirmou a sua vontade de mandarlle un... cabirto! Quereche mandar turrón ou algo así. Anda encantado co Edward. Sempre tristeiro e saudoso, pro eso é a millor parte, cecáis, dil.

E remato. Xa é noite e salirei a botar a carta. Pensarei e cismarei no Zamurdo. O teu libro de Rilke gostoume moito. Estou arelando fitar

as litografías que moito me intrigan. Relem-  
bros [...] para ti dos outros dous e meus.

Xohan

### 5.2. Borrador mecanoscrito de carta a Fol- las Novas (15-11-1958)

Vila da Cruña, 15, Santos, 1958

Follas Novas

Feira do libro galego

Asunción 3035. Bos Aires

Estimado Sr. Neira Vilas:

Rescibín a súa amable carta na que me dí  
que remesou polo meu parente os libros pedi-  
dos. Chegaron ben e foron do meu com-  
preto agrado. Certamente que xa os leera e  
coñecía d'abondo ó seu autor, a quen ademi-  
ro fondamente. Sinto namáis que non tiveran  
tempo para darlles a dedicare pois sería para  
min unha satisfacción moi grande, dado que  
como lle dixen Seoane figura antr'os meus  
mais queridos autores. A edición especial  
que mandaronme foi do meu agrado, visto  
que n'ela figura o autógrafo do autor.

Xa que o señor Seoane é amigo persoal  
seu dealle da miña parte unha aberta, e a  
miña máis sincera noraboa. Coñezo perfeitamente  
a maor parte da súa obra.

Coma quera q'eu son escritor –inda mozo–  
gostaría de mandare a Bos Aires algun escrito  
meu. Fai caseque un ano que non escribo e  
a falla de lugares onde publicar non m'anima  
ren. ¿Habería un espazo n'unha revista  
galega pros meus contos? Gostoso voltaría  
a escribir sabendo que publicaría de contado.  
Certamente que non pretendo que se ademitan  
a priori os meus traballos, non pido remunera-  
ción algunha.

Canto ós libros dos seus catálogos pedi-  
reillos ao Sr. Arias de Madri.

Namáis por hoxe, leve unha aberta do

### 5.3. Borrador mecanoscrito de carta a Fol- las Novas (14-2-1959)

A Cruña, 14-2-1959

Follas Novas

Feira do libro galego

Asunción 3035

Bos Aires

Moi señores meus:

Duas letras para ripostar –inda que tarde–  
a súa amable carta e dirlle que dende logo xa  
ficaron nas miñas maos os dous libros merca-  
dos ahí pol-o meu parente. Agradezolle moito  
que houberan mandado a edición do “Fardel”  
siñada pol-o autor xa que este é un dos escri-  
tores que máis admiro.

A miña tardanza debeuse ó feito de querer  
eu acompañar esta carta por algún escrito  
meu por mor de que podería haber ahí un xur-  
nal ou unha revista onde publicalos. Eu son  
mozo e aínda non pubriquei ren. Levo feitas  
algunhas pequenas novelas pro como quera  
que non topo onde publicar estou moi desani-  
mado. Certamente aínda non desenrolei as  
miñas ideas sobor as cousas –ideas que  
inda agroman agora– pro tamén coido que  
os meus escritos levan certa orixinalidade  
na literatura galega actual.

Hoxe traballo n'unha novela e teño un  
conto de cinco follas mecanografiadas que  
quería mandar a Bos-Aires por si vostede  
topaba xeito de dalo ó prelo.

Tardei, logo, porque este escrito mo tiña  
editorial “Brais Pinto” e varios escritores –  
coma o Sr. M. Ferrín– estiveronno lendo.  
Certamente que non é cousa boa, pro faime  
unha falla terrible o publicar. E digo terrible  
porque así é. Estou sóo. Non teño amigos  
cáseque, dende logo as leituras das miñas  
obras non se fan directamente. O non topar  
saida desespero e non traballo. Eu sei que  
hai revistas a centos onde un calqueira  
pódese publicar. Tanto eu coma un coñeci-  
do meu –e non amigo– levamos nos nosos  
pensamentos ideas novas de fondo alicerce  
social e moral. A nosa literatura poderá ser  
máa, pro será sempre reita. E dende logo  
consente e dóorosamente viva.

O rapaz qu'eu coñezo traballa de barman  
n'un café, os seus escritos levan o celme do  
povo. Todos eles –dende os poemas ó Santo  
Andrés de Teixido deica os contos d'obreiros–  
levan un arrecendor poético xunguido á  
realidade coma unlla e carne.

Se vostede coida posibre a súa publicación  
mandareille un conto miño (sic): “O Crego”.  
E tamén agradeceríalle toparame algunha  
colaboración periodística. Olloparos do  
povo, lectores de Kierkegaard, medrados en  
Pedrayo ou Castelao nós somos escritores  
que como poucos necesitamos a luz dunha  
imprensa. Vostede dirá.

Por hoxe namáis, unha aberta

XOHAN CASAL

P.S. Se coñece a L. Seoane, fágalle chegar o noso prego. Dígalle que faga un buratiño en Galicia Emigrante, e de todos os xeitos dígalle que eu, que teño 25 anos –leín cáseque todol-os seus libros e por iso mándolle unha grande aperta. Dealle unha aperta moi forte. Certamente que

moito penso n'il, e inda o outro día fuxindo da vila, cando camiñaba pol-os piñares de Uxes entre a xiada da noite nebraba os seus libros e as suas arelas. Poucos homes haberá a quenes eu quera tanto.